
UN DÍA DE CHUVIA E FLORES

Texto e ilustracións de **CARME SOLÉ VENDRELL**

Tradución de **ALBERTO SOTELO**

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 14 €

[Un día de chuvia e flores](#) (galego)

ISBN 978-84-1343-211-3. Álbum ilustrado. Maremar.

[Un día de lluvia y flores](#) (castelán)

ISBN 978-84-1343-212-0. Álbum ilustrado. Clásicos contemporáneos.

[Un dia de pluja i flors](#) (català)

ISBN 978-84-18558-65-8. Àlbum iIlustrat. Obres d'autor.

[Egun euritsu eta loretsu batean](#) (euskara)

ISBN 978-84-9172-320-2. Album irudidunak. Gaur egungo klasikoak.

*Había unha vez,
nun día de chuvia e flores,
un neno pequeno
cun paraugas grande...*

Un texto mínimo e unhas ilustracións poéticas e metafóricas conteñen unha grande historia sobre como pequenas accións, humildes e silenciosas, son capaces de cambiar moitas vidas, incluída a de quen porta nas súas mans este libro.

«Un día de chuvia e flores» foi a primeira obra de Carme Solé Vendrell como autora integral. Para este clásico de 1981 inspirouse nunha escena que presenciou en Venecia, onde un neno cun paraugas aberto e un ramo de flores entraba no portal dunha casa.

Tras recoller flores silvestres, o protagonista vai ofrecéndoas segundo avanza no seu camiño: primeiro aos animais do prado, logo a un campesiño sobre un carro, tamén á condutora dun vehículo, ao persoal dunha fábrica fumegante, aos habitantes dunha vila... Con ese xesto tan sinxelo consegue que a monotonía, o silencio, a polución, a violencia... se convertan en espontaneidade, ledicia, natureza, paz...

Un día gris vólvese luminoso ao paso deste neno sensible e xeneroso. As imaxes, descritivas e de tons suaves, forman unha secuencia lineal e dinámica -grazas á variedade de planos- que nos permite seguilo ao longo dos seus encontros e gozar dos efectos positivos de cada obsequio mentres se afasta. Un libro practicamente visual cunha poderosa e necesaria mensaxe de cooperación, respecto ao medio ambiente e antibelicismo.



■ **Temática:** cooperación, natureza, antibelicismo.

■ **Idade recomendada:** a partir de 3 anos.

■ **Aspectos destacables:** emocións, sensibilidade, xenerosidade; metáforas visuais; da autora de «[A lúa de Xoán](#)», «[Fab. o monstro amarelo](#)» e ilustradora de «[Cepillo](#)».

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/un-dia-de-chuvia-e-flores-g>

■ **En Kalandraka TV:**


<https://kalandraka.tv/gl/videos/entrevista-carme-sole-vendrell/>

Carme Solé Vendrell

(Barcelona, 1944)

Estudou pintura na Escola Massana de Barcelona. Editou o seu primeiro libro en 1968 e, dende entón, ilustrou máis de 700 títulos, entre álbums e libros de texto, que se publicaron en numerosos países. Entre as súas exposicións destacan as antolóxicas en Taiwán (1997) e Barcelona (2001). Tamén colabora con revistas infantís e realiza traballos de escenografía, dramaturxia, dirección de teatro, cartelismo e animación. Impartiu cursos de ilustración e conferencias en Europa, América e Asia, alén de participar en encontros profesionais. É socia fundadora da Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña. Entre os galardóns que recibiu destacan: Janusz Korczak 1979, Premio Nacional de Ilustración 1979, Catalònia 1984, Crítici in Erba 1992, Octogone la Fonte 1992, Creu de Sant Jordi 2006, Premio Nacional de Cultura/Cómic 2012, Premio Nacional de Ilustración 2013 polo conxunto da súa obra, Premio Fundación Cuatrogatos 2021, Medalla de Ouro ao Mérito nas Belas Artes 2021. Desde 1992 compaxina a ilustración e a pintura. En 2014 impulsou a campaña «Why?» sobre os dereitos da infancia.

<http://www.carmesolevendrell.com>



www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com
